

Faro *da* Cultura

100 ANOS DE CAMILO JOSÉ CELA

Don Camilo, o excesivo

Papeis para un premio Nobel

JOAQUIM VENTURA

Estes días estamos chegando á saturación pola presenza no papel couché dun premio Nobel de orixes peruanas a causa da súa relación cunha señora de orixes filipinas. Unha circunstancia, a condición mediática dos premiados pola Academia Sueca, que adoita non ser habitual. Con todo, temos un antecedente na condición explosiva de Camilo José Cela Trulock, o padronés premio Nobel de Literatura en 1989 (o único de berce galego), de cuxo nacemento vanse cumprir cen anos.

Cabería consideralo, se atendemos á súa proxección pública, como alguén excesivo. Sen embargo, tras tal imaxe pública –o persoeiro esaxerado, escatolóxico, volcánico nas súas palabras– fica agochado un profundo coñecedor das linguas española e galega e, en xeral, da condición humana. Prolífico como poucos, cultivou a novela, o ensaio, o xornalismo, a crítica literaria e exerceu, nada menos que durante corenta e cinco anos, como membro da RAE.

De ideas conservadoras xa desde a súa mocidade, os problemas de saúde que padecera non lle foron atranco para alistarse no exército sublevado. Rematada a contenda, instalouse en Madrid e alí obtivo o imprescindible carnet de prensa, que lle permitiu traballar de maneira precaria en diversos medios mentres completaba o xornal exercendo de censor. Ben axiña conquistou un posto relevante no mundo literario coa publicación de *La familia de Pascual Duarte* (1942).

O retrato da aquela España escura foi debuxado coa técnica chamada tremendismo, que prefería salientar as miserias da condición humana natural en ausencia dunha imposible –naqueles anos– novela de denuncia social. Amálgama herdeira da picaresca e do esperpento, era unha novela contra un tempo pasado pero que levaba inherente a condición de eterno nunha España profunda que era case España enteira.

Decidido a construírse unha dimensión literaria notable (cun notable culto á personalidade), el mesmo foi vítima de la censura, circunstancia que neutralizou dalgún xeito a súa condición de funcionario do ministerio

da Gobernación. Entre as novelas que lle foron censuradas está *La colmena* (1951), retrato amargo do Madrid de posguerra, que foi editada na Arxentina e que non obtivo o placet oficial ata uns anos despois.

Pero unha vez acadou ser alguén en Madrid, decatouse de que tal triunfo era asemade unha limitación e por iso trasladouse a

Mallorca, onde iniciou –con Caballero Bonald– a edición da revista literaria *Papeles de Son Armadans*, auténtico trampolín para moitos escritores periféricos ou desafectos ao franquismo. Con todo, sempre tivo ambicións mercantilistas (cobrou importantes cantidades por obras de encargo, entre elas algunhas encomendadas polo ditador venezolano Pérez Jiménez) e manobrou en beneficio propio cando o tardofranquismo anunciaba un cambio de modelo cultural.

Agudo observador da realidade, é fundamental a súa literatura de viaxes e nela, *Viaje a la Alcarria* (1948), *Del Miño al Bidasoa* (1952), *Viaje al Pirineo de Lérida* (1965, crónica do percurso feito co xornalista catalán Josep Maria Espinàs en 1956, que este publicou en 1957) ou xa *Galicia* (1990). As primeiras axudáronlle a confeccionar un perfil de home procaz, lambón e fornicador. Unha condición que aumentou coas incidencias contidas en *La insólita y gloriosa hazaña del cipote de Archidona* e coas imprescindibles obras de lexicografía *Diccionario secreto* e *Enciclopedia del erotismo* (ás cales cómpre engadir o *Diccionario geográfico popular de España*).

Persoeiro dos que gustan ouvirse, sabía combinar a súa corpore cunha voz poderosa, capacidade de asombrar e a habelencia paródica e para o exabrupto. Provocador cos progresistas pero sabendo non caer na demagogia, nunca foi santo das devocións das xentes de esquerda, que sen embargo non tiñan (tiñamos) máis remedio que recoñecerlle a súa liberdade e mais a súa mestría á hora de empregar a linguaxe erótica e escatolóxica.

Cela recollendo o premio Nobel (1989).



NACIDO EN IRIA FLAVIA:
CELA DE NOSO / PÁX. II

ENTREVISTA CO DIRECTOR DO MUSEO
DE PONTEVEDRA, CARLOS VALLE / PÁX. V

DAS GALAS DE CELA:
MEMORIAS E VIAXES / PÁX. III